

INSTRUCCIÓN do 7 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para a desenvolvemento no curso 2023/24 do Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (Programa PROA+) nos centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades seleccionados no curso 2021/22.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo en marcha no curso 2021/22 o Plan Recupera, para reducir o impacto que a covid-19 tivo sobre o alumnado e proporcionar a atención educativa necesaria para a compensación de desigualdades xurdidas por esta situación. Este plan constitúese como o marco para a mellora dos resultados escolares do alumnado, especialmente o máis vulnerable, e reflicte a estratexia de fomento da calidade, a equidade, a inclusión e o éxito na educación e formación.

No marco do Plan Recupera, a consellería publicou a Resolución do 14 de xuño de 2021, pola que se establecían as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupera-T para o curso 2021/22. Esta convocatoria puxo en marcha medidas de reforzo docente a través do programa PROA+ (Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2023 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia).

O artigo 6.2 de dita Resolución recolle que os centros seleccionados para desenvolver o programa asumen o compromiso de participación neste durante os cursos 2021/22, 2022/23 e 2023/24, así como o deseño, aplicación, seguimento e avaliación dun plan estratéxico de mellora para dito período.

En consecuencia con todo o anterior, dítanse as seguintes instrucións:

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

Estas instrucións teñen por obxecto establecer o procedemento para desenvolver o programa PROA+ no curso 2023/24 e serán de aplicación nos centros educativos seleccionados ao abeiro da Resolución do 14 de xuño de 2021, pola que se establecían as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupera-T para o curso 2021/22.

Segunda. Obxectivo xeral do programa

O obxectivo do programa é o éxito escolar de todo o alumnado, facendo especial fincapé naquel en situación de vulnerabilidade educativa. Por iso, o programa concíbese como un mecanismo de axuda para a transformación dos centros que afrontan unha maior complexidade educativa durante o período 2021-2024.



Terceira. Características e desenvolvemento

O Programa PROA+ estrutúrase ao redor de cinco liñas estratéxicas de actuación, inspiradas nos principios pedagóxicos PROA+, sobre as que os centros terán que focalizar as súas actividades panca no Plan de mellora.

Liñas estratéxicas	Ámbitos de actuación
Asegurar as condicións mínimas de educabilidade do alumnado.	Alumnado vulnerable
Apoiar o alumnado con dificultades para a aprendizaxe.	Alumnado vulnerable
Desenvolver actitudes positivas no centro	Actitudes no centro
Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe daqueles aspectos das competencias básicas con dificultades de aprendizaxe.	Procesos de enseñanza-aprendizaxe
Aplicar novas formas de organización e xestión do centro orientadas a mellorar o éxito educativo de todo o alumnado, contemplando infraestruturas estratéxicas e a mellora da calidade e estabilidade do profesorado ou profesionais que participen no desenvolvemento do programa.	Centro e administración educativa.

Estas liñas estratéxicas e ámbitos de actuación enmarcan unha serie de actividades panca que se deberán desenvolver no centro educativo. Recoméndase non seleccionar un número de actividades superior a tres. De todas elas, configúranse como prescritivas durante o curso 2023/24 as seguintes:

- a) o reforzo docente para a mellora e o éxito educativo do alumnado (A230 do catálogo do MEFP).
- b) dúas actividades panca máis do catálogo de actividades panca do MEFP.

Algúns exemplos de actividades panca son:

- A101 Avaliación de barreiras (de presenza, participación e aprendizaxe).
- A105 Dinamización de espazos para a redución da fenda dixital.
- A201 Plan de absentismo.
- A204 Tutoría entre iguais.
- A208 Melloramos xuntos a nosa competencia dixital, familia, alumnado e docentes.
- A209 Plan de acollida do alumnado inmigrante e integración á aula.
- A233 Dinamización de bibliotecas escolares.
- A301 Plan de acollida a alumnado e familias.
- A305 Miradas emocionais para mellorar a aprendizaxe.
- A402 Aprendizaxe cooperativo na aula.
- A551 Plan de formación de centro.

Os centros adaptarán a descrición das actividades panca incluídas no catálogo do MEFP ao seu contexto socio-educativo, ás características e necesidades do seu alumnado e ao seu



proxecto educativo.

Cuarta. Plan estratéxico de mellora (PEM)

a) Os centros que teñen elaborado o Plan estratéxico de mellora nos cursos 2021/22 e 2022/23 terán que revisalo e actualizalo.

b) Os centros que non teñan Plan estratéxico de mellora deberán elaboralo no curso 2023/24.

Quinta. Forma e prazo de solicitude do reforzo docente

1. Os centros solicitarán os recursos docentes necesarios para cubrir as necesidades detectadas e desenvolver a actividade panca A230. O profesorado designado para desempeñar as funcións de reforzo educativo será de educación primaria, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, así como profesorado de ensino secundario dos ámbitos lingüístico e social ou matemático e científico.

2. A cada centro asignaráselle o reforzo docente nas mesmas condicións establecidas ao abeiro da Resolución do 1 de outubro de 2021 pola que se fai pública a relación definitiva de centros seleccionados e excluídos conforme o disposto no apartado 13 da Resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen as bases paraa convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T.

Por tanto, o centro educativo poderá solicitar a modificación do perfil docente pero non a asignación da xornada concedida.

O programa vai dirixido aos seguintes niveis educativos:

- 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.
- 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria.
- 1º e 2º de bacharelato.
- 1º e 2º FP Básica

3. Os centros educativos reflectirán na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos> o perfil do profesorado que exercerá o reforzo docente segundo a tipoloxía do seu centro e por orde de preferencia de especialidade (primaria, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, ámbito científico matemático ou ámbito sociolingüístico). Na aplicación deberanse cubrir todos os campos requiridos. A consellería poderá solicitar aos centros, de ser o caso, que complete ou emende datos co fin de axustar a petición a estas instrucións. A persoa que exerza a función da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen estará habilitada para o acceso.

4. O reforzo educativo farase, preferentemente, en horario lectivo e no grupo-clase. No caso de que o centro educativo quixera realizalo fóra do horario lectivo, deberá xustificalo convenientemente e acreditar que conta cos recursos necesarios para o



seu desenvolvemento e a adecuación da organización pedagóxica a esta circunstancia.

5. O prazo de solicitude do perfil do profesorado comezará ao día seguinte ao da publicación destas instrucións no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>) e rematará o 11 de setembro de 2023.

Sexta. Desenvolvemento do reforzo docente

1. A selección do alumnado deberá ser realizada polo equipo docente correspondente en coordinación co equipo directivo e coa persoa responsable do departamento de orientación.

2. Planificación da intervención no centro docente:

a) Recollerase a planificación e a avaliación do programa na Programación Xeral Anual (en adiante PXA) así como na memoria final. Se a PXA xa estivera aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro no plan.

b) Informarase as familias do alumnado seleccionado da participación dos/das seus/súas fillos/as no programa, sendo o profesorado titor o responsable de trasladar esa información.

c) A intervención directa co alumnado integrarase, preferentemente, no horario lectivo semanal do grupo-clase e dentro da aula ordinaria, e o seu obxectivo centrarase no traballo e na mellora do rendemento académico do alumnado que é obxecto destas instrucións. O horario do persoal docente estará destinado a esta intervención así como á atención e coordinación coas familias en colaboración coa persoa titora do grupo e baixo as directrices da xefatura de estudos.

O profesorado asignado realizará o reforzo unicamente ao alumnado seleccionado en cada grupo-clase.

d) Empregaranse metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas.

e) A avaliación do alumnado será realizada polos docentes que imparten ensinanzas ao alumnado, oídas as valoracións do/a docente asignado/a ao programa, e desenvolverase de acordo coa lexislación vixente.

f) O persoal docente asignado considerarase membro do claustro e, polo tanto, debe participar nel tendo en conta os seus dereitos e as súas obrigas como docente.

g) O profesorado asignado redactará unha memoria para a súa inclusión na memoria do centro, especificando os aspectos máis relevantes do desenvolvemento do programa, xunto cunha valoración dos seus resultados.

Así mesmo, asinará toda a documentación vinculada ao financiamento por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do



Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Sétima. Compromisos

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades establecerá un acordo, formalizado a través da correspondente addenda do "Acuerdo/Compromiso para el éxito educativo de todo el alumnado en el marco del programa PROA+ 2021-2024", con cada un dos centros educativos participantes no programa Proa+. Esta addenda contemplará os compromisos adquiridos por cada unha das partes.

Será responsabilidade da dirección do centro o cumprimento do recollido nesta addenda, así como a súa difusión entre a comunidade educativa informando o consello escolar e o claustro do seu desenvolvemento.

2. Os centros docentes comprométense a:

- a) Cumprir as instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa referentes á xestión, desenvolvemento, seguimento e avaliación do programa.
- b) Establecer as medidas necesarias para a implementación do programa PROA+ no funcionamento ordinario do centro.
- c) Realizar unha avaliación de resultados a nivel global e de cada unha das actividades panca desenvolvidas segundo os modelos establecidos polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para a xustificación do programa.
- d) Participar nas actividades de formación que se deseñen tanto desde a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa como desde calquera outra Administración educativa.

Con carácter xeral, será necesaria a participación de, polo menos, un integrante do equipo directivo e do profesorado implicado na elaboración do Plan estratéxico de mellora.

- e) Xestionar e custodiar a documentación necesaria para a xustificación da súa participación no programa consonte co que estableza a Administración educativa.
- f) Cumprir coas obrigas derivadas do financiamento pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e con calquera outra que poida ser de aplicación.
- g) Asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer pública a información sobre as operacións financiadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a:

- a) Realizar o asesoramento e apoio necesario para a execución do programa a través de:



a.1) Os servizos de inspección educativa que realizarán a supervisión do desenvolvemento do programa e o asesoramento necesario para garantir o seu adecuado funcionamento.

a.2) A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa que asesorará e asistirá os centros educativos na aplicación do programa.

a.3) A formación específica para o equipo directivo e para o profesorado implicado na elaboración do Plan estratéxico de mellora.

b) A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros dunha asignación orzamentaria, con cargo á partida de gastos de funcionamento.

De ser o caso, as actividades panca propostas que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans ou programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

Oitava. Documentación

Para o desenvolvemento da actividade panca A230 de reforzo docente, os centros deberán cubrir a seguinte documentación, a efectos da xustificación ante o Ministerio de Educación e Formación Profesional e ante o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

DOCUMENTACIÓN PRESCRITIVA	DOCUMENTO	CANDO SE CUBRE
Toma de coñecemento da persoa docente titular e substituta/s, de ser o caso	Anexo I	Cando se incorpora ao centro a persoa docente (titular/es e substituta/s, de ser o caso)
Declaración de cesión de datos da persoa docente titular e substituta/s, de ser o caso	Anexo II	Cando se incorpora ao centro a persoa docente (titular/es e substituta/s, de ser o caso)
Relación de alumnado beneficiario	Anexo III	Cando se incorpora a persoa docente ao centro (outubro)
Información á familia da participación no programa (reforzo dentro da aula ordinaria)	Anexo IV	Cando se incorpora a persoa docente ao centro (outubro)
Autorización da familia para participar no programa (só se o reforzo se leva a cabo fóra da aula ou fóra do horario lectivo)	Anexos V e VI	Cando se incorpora a persoa docente ao centro (outubro)
Rexistro semanal de actividade docente	Anexo VII	Durante a duración do programa
Certificado de participación	Anexo VIII	Ao finalizar o programa (xuño 2024)
Memoria do docente PROA+	Anexo IX	Ao finalizar o programa (xuño 2024)
Cartel PROA+, que debe colocarse nun lugar visible do centro	Anexo X	Desde o inicio do programa
Informe de centro PROA+ 2023/24	Cúbrese na aplicación informática	Ao finalizar o programa (xuño 2024)



Toda esta documentación tamén estará dispoñible na [web de Plan Recupera](#), e deberá custodiarse no centro á espera de que sexa solicitada pola consellería.

Ademais, o centro deberá empregar todos os logos reflectidos nos modelos de documentos en calquera información relacionada co programa (web do centro, actividades realizadas, comunicacións...).

Novena. Publicidade e emprego de logos e literatura obrigada

Os centros deberán respectar as indicacións da Administración educativa á hora de relacionarse con organismos, entidades, persoas físicas ou xurídicas, no ámbito relativo ao programa PROA+ (escritos, contratos, notificacións, ...) tendo sempre visibles nas súas comunicacións os emblemas e literatura relativos ás seguintes entidades e organismos:

- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Ministerio de Educación y Formación Profesional.
- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR).
- Unión Europea (e a mención ao financiamento referido ao instrumento NextGenerationEU).

Empregarase o seguinte texto: Financiado polo Ministerio de Educación y Formación Profesional e pola Unión Europea "Next GenerationEU" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Décima. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas



interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en [https:// www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais](https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais).

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

